
Boletín 36

2 de xuño – 6 de xuño

Título XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

Destinatarias Estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

Organiza CNL da Facultade de Filoloxía

Datas Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

Enderezo electrónico de contacto filoloxia.decanato@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

Descrición da información

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!



XI Concurso Literario Mazarelos (2025)

1º Premio:
600 €

2º Premio:
500 €

3º Premio:
400 €

Aberto a todo o
estudantado da USC e a
investigadoras/es contratadas/os

Prazo de presentación ata o
30 de setembro de 2025

Información e bases:



ESCANÉAME



ESCANÉAME



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Facultade de
filoloxía



COMISIÓN
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
USC



XUNTA
DE GALICIA

Actividades Culturais

Título da actividade Podcast ROMÁNICAS NON ROMÁNTICAS

Destinatarias Todos os públicos

Axente que organiza Área de Filoloxía Románica (prof. Elvira Fidalgo e Manuel Negri); Azucena Alberro García, Laura Pérez Quintas, Alizé Vidal Boucqué e Lucía Rey Gañete (alumnas do Maior en Filoloxía Románica).

Data Todos os domingos

Lugar

<https://linktr.ee/romanicasnonromanticas?fbclid=PAY2xjawJk-TtleHRuA2FlbQlxMQABp6Ylamtr9MyU9ubUxv50GybYfv3x4Yn CvA6Gu60lhOCAPwrSG1qNrpUxJyaemTxt5KyoPRLUAIP9VVgXc1w>

Horario 16:00 h.

Contacto podcastromanicas@gmail.com

Rede social

https://www.instagram.com/romanicas_non_romanticas?igsh=aWdjNHNpdjUyb3p1

Descrición Podcast ao coidado das alumnas do Maior en Filoloxía Románica da USC. Exploramos a riqueza literaria, histórica e lingüística que nos ofrecen as linguas románicas e como a Filoloxía Románica pode iluminar o noso presente e futuro. Descubre unha nova porta ao mundo: [@romnicas.non.romn](https://www.tiktok.com/@romnicas.non.romn) en TikTok.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade V Congreso Toponomasticon Hispaniae. O camiño hispánico do étimo aos topónimos

Axente que organiza Grupo FILGA

Datas 9-11 de xuño de 2025

Lugar Facultade de Filoloxía (salón de graos e aula C01)


Horario 9:30 - 18:30

Enderezo electrónico de contacto roque.barcia.gonzalez@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/v-congreso-toponomasticon-hispaniae>

Descrición da actividade O 'V Congreso Toponomasticon Hispaniae. O camiño hispánico do étimo aos topónimos', organizado polo Instituto da Lingua Galega, é o último congreso da primeira fase do proxecto Toponomasticon Hispaniae, despois de celebrar o primeiro en Lleida (2022), o segundo en Madrid (2023), o terceiro en València (2024) e o cuarto en Uviéu (2024), coa publicación das actas respectivas. Neste de Santiago de Compostela, que reúne os membros dos distintos equipos de toda a península, abordarase unha tarefa concreta: proxectar nun volume algúns dos étimos traballados coa súa respectiva descendencia para mostrar á comunidade científica os resultados obtidos.

A inscrición é de balde, pero é preciso inscribirse ata o 31 de maio a través da páxina do evento.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade REDES CULTURAIS DESDE A PERSPECTIVA HISPÁNICA: DISCURSOS E APROXIMACIÓNS METODOLÓXICAS

Axente que organiza GI de Teoría da Literatura e Literatura Comparada

Data 10 de xuño de 2025

Lugar Sala B13 da Facultade de Filoloxía

Horario 9:30h a 17:15h

Contacto arantxa.fuentes@usc.es

Descrición da actividade

A xornada titulada "Redes culturais desde a perspectiva hispánica: discursos e aproximacións metodolóxicas" afondará nos distintos eixes discursivos e metodolóxicos que atinxen ás redes culturais tecidas en torno a autores literarios, revistas ou institucións, sen esquecer a monumentalización da posvida literaria. A xornada busca ofrecer unha aportación ao tema desde unha pluralidade de enfoques metodolóxicos que comprenden desde a narrativa dos epistolarios ata a forte pegada das Humanidades dixitais, sen esquecer a perspectiva de xénero.

A xornada contará coas intervencións dos relevantes investigadores José Teruel Benavente, Margarita Garbisu Buesa, Santiago López-Ríos e Diana Roig-Sanz.

REDES CULTURAIS DESDE A PERSPECTIVA HISPÁNICA: DISCURSOS E APROXIMACIÓNS METODOLÓXICAS

Martes, 10 de xuño de 2025

9:45 h - 17:30 h

Sala B13

Facultade de Filoloxía

9:30 Inauguración

9:45 JOSÉ TERUEL BENAVENTE (UAM)

Prefiguraciones literarias en las cartas de Carmen Martín Gaité.

11:00 MARGARITA GARBISU BUESA (UCM)

Las revistas como creadoras de redes literarias: la aportación de Ortega y Revista de Occidente.

12:15 Pausa

12:45 SANTIAGO LÓPEZ-RÍOS (UCM)

Sobre intelectuales y tumbas: los institucionistas y el Cementerio Civil de Madrid.

14:00 Pausa

16:00 DIANA ROIG-SANZ (UOC)

La perspectiva de género y la ciencia de datos en la historia literaria e intelectual.

17:15 Discusión e peche



Grupo de Teoría da literatura
e Literatura comparada da USC



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Aberto o prazo de inscrición para asistir como público ao 'Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza'

Destinatarias Toda a comunidade académica

Axente que organiza Instituto da Lingua Galega

Datas 19-20 de xuño

Lugar Salón de graos, Facultade de Filoloxía

Horario Ver programa na [web](#) do congreso


Enderezo electrónico de contacto

congreso.literatura.sociedade@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>

Descrición da actividade Dende o 19 de maio ata o 8 de xuño queda aberto o prazo para acudir como público ao congreso e poder recibir un certificado de asistencia en caso de presenciar o 75% das sesións.



Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe

"Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOIp3JD37Pd4_LDJX

ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA
MEI



IRIA
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:

saramei.ferro@rai.usc.es


iria.linares@rai.usc.es



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc



filoloxiausc.bsky.social

@filoloxiausc.bsky.social

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia